

“TECNOLOXÍAS WEB PARA A DOCENCIA DA MATERIA DE PROXECTOS DE ENXEÑERÍA”

Manuel Fco. Marey Pérez

Descrición dos materiais producidos

Dacordo os obxectivos plantexados no proxecto sinalar o seguinte:

- ① Creación da e-aula: incorporárianse os contidos básicos para a materia de proxectos (mediados de outubro- finais de novembro) – Obxectivo acadado na súa totalidade xa que os contidos das materias se atopan operativos. Non se acadou no tempo previsto, xa que a operación non foi completada ata o mes de agosto do 2005
- ② Publicitación da e-aula: dende mediados de outubro informaríase os alumnos do proxecto e dos obxectivos do mesmo para este curso. No momento en que a e-aula dispuxese de contidos, comentaríaselles a forma de inscrición e as condicións de traballo (mediados de outubro- finais de novembro) – Obxectivo non acadado no curso anterior debido a que as asignaturas de proxectos pertencen o 1º cuatrimestre é o porse en práctica a aplicación a mediados deste non foi posible a súa incorporación.

Desta forma no momento actual dispónse dos seguintes resultados:

- ① Unha aplicación para apoio das asignaturas troncais dos ciclos superiores de enxeñería da subárea de proxectos en dous centros como son a Escola Politécnica Superior de Lugo e Escola de Enxeñería Ambiental de Santiago.
- ② Unha plataforma na que se pode ter acceso as principais páxinas web relacionadas coa materia de proxectos e as titulacións.
- ③ Unha plataforma na que están seleccionados e catalogados as principais contribucións científicas relacionadas co tema dos proxectos.

Descrición das tarefas realizadas por cada membro

- Manuel Fco. Marey Pérez
 - Diseño da páxina e das aplicacións
 - Implementación informática de base
 - Preparación da información para subir
- Carlos Álvarez López
 - Diseño da páxina
 - Preparación da información
- Carlos Amiama Ares
 - Preparación da información
- Antonigo Cajaraville (Bolsreiro)
 - Implementación da e-aula
 - Mellora dos contidos

Grao de cumprimento dos obxectivos do proxecto

- Obxectivo primeiro, 100%
- Obxectivo segundo, 30%

Grao de cumprimento do plan de traballo

O plan de traballo previsto viuse moi condicionada pola data de Inicio e pola circunstancia de coincidir as asignaturas previstas dentro do 1º cuatrimestre. Esta circunstancia supuxo a necesidade de facer un replantexamento deste. Así a aplicación “a plena carga” do sistema poderá ser valorada neste curso 2005-06

Valoración da experiencia

A experiencia foi moi positiva e constitúe o inicio para a posta en marcha de novas aplicacións na visión do conxunto da subárea . Neste senso trátase a por en marcha unha aplicación para o conxunto das asignaturas (troncais e optativas).